



Estes días está a celebrarse en Silleda a maior party informática galega, o Xuventude Galicia Net., que a pesar de levar na cabeceira o nome de Galicia, o galego está ausente de todo o demais.

"De querérmolos inscribir, non podemos facelo en galego; de consultarmos as normas do encontro ou de conectármolos ao seu streaming, unha e outra vez a mesma canción: só castelán", denuncia ProLingua.

Engade que a exclusión da lingua do país tamén ten lugar no portal de Xuventude Galicia Net, "nada de galego, e o mesmo podemos dicir das redes sociais ligadas ao evento".

Matizan que a exclusión do galego non se deu ata agora, como pode verse no timeline do facebook ou do twitter das anteriores edicións para comprobalo.

Lembran que o Xuventude Galicia Net conta co apoio da Xunta, que asinou un convenio de colaboración de 25.000 euros para a súa organización. A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato e o vicepresidente Alfonso Rueda visitaron o recinto feiral de Silleda "ratificando coa súa presenza que apoian a expulsión da lingua galega", sinala ProLingua.

"Dóenos moito que quen debería ser o principal valedor do galego, a Xunta de Galicia, rompa unha vez máis con ese compromiso que está na cerna da súa razón de ser. Que foi da ratificación legal de prestar todos os servizos públicos preferentemente en galego publicada nun DOG no pasado mes de abril? Xa é papel mollado? Tamén nos doe que entidades públicas como a Deputación de Pontevedra ou o Concello de Silleda actúen como mudos patrocinadores dun novo desprezo á lingua propia de Galicia".

Pro Lingua denuncia a exclusión da lingua do país da XV Xuventude Galicia Net

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 21 Setembro 2015 22:10

Advirten que campañas como a de #EmpápateCoGalego, posta en marcha pola fundación de ABANCA para celebrar o Día das Letras Galegas, ou a colaboración de Coca-Cola coa Secretaría Xeral de Política Lingüística para o concurso Novos Talentos de Relato Curto "fican sen credibilidade se por outra banda se aposta pola financiamento dun evento coma este que refuga do galego."

A plataforma ProLingua arela que a Xunta de Galicia, e o mesmo outros organismos que deberían ser exemplo no uso normalizado do galego, non patrocinen eventos que salientan pola ausencia da nosa lingua